



CONVENIO PARA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS 2019

Vilagarcía de Arousa,

REUNIDOS:

Dunha parte, Don Alberto Varela Paz , Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, actuando no seu nome e representación, e

Doutra, Don Manuel Antonio Couceiro Cachaldora , con DNI 32786396B , en representación da Entidade Fundación Galega contra o narcotráfico con N.I.F. G-36242071, domiciliada en Praza de Galicia, 8- 1º dcha., código postal 36.600 de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

EXPOÑEN:

Primeiro: NORMATIVA DE APLICACIÓN: Existe por un lado a lexislación autonómica, "Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia" e o "Decreto 11/ 2009 de 9 de xaneiro, Regulamento da Lei 9/2007". Por outro lado aplicase a lexislación estatal nos seus preceptos básicos: "Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións" e o "Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, Regulamento da Lei 38/2003" .

Segundo: A Lei 13/ 2008 de servizos sociais de Galicia establece no seu artigo 4 entre os principios do Servizos sociais xerais a solidariedade e a participación, a través do fomento da mesma, consolidación de formas organizadas e estables de solidariedade e participación de entidades do terceiro sector.



Terceiro: No seu Artigo 31º, de fomento da iniciativa social, a lei 13/2008, indica "o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ao carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica (...)" . Establece ademais a posibilidade de subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Cuarto: A subvención que se tramita figura como nominativa nos orzamentos vixentes no ano 2019 ou orzamento prorrogado, por estar vinculada con actividades de interese público, social e humanitario, que se desenvolven de maneira permanente; tratándose de subvencións que polas súas características especiais non poden ser obxecto de convocatoria pública.

Quinto: Quedará acreditado o interese público, social, económico ou humanitario da subvención a través da memoria explicativa das actividades da entidade dentro do termo municipal.

Sexto: O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o artigo 10.2 da Lei 9/2017 de Subvencións de Galicia, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando o corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Vilagarcía de Arousa.

CLAUSULAS:



Cláusula I- OBXECTO DA SUBVENCIÓN A presente subvención ten por obxectivo a consolidación e fomento de actuacións solidarias por parte de entidades de iniciativa social, sendo de interese público, social e/ou humanitario destinada a dar cobertura socioeducativa e de atención integral a persoas de especial vulnerabilidade vincelladas a situacóns de saúde e dependencia.

Cláusula II- DEVENGO: A actividade a subvencionar é o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á prevención e sensibilización no ámbito das adiccións e drogodependencias durante o ano 2019 (gasto elixible dende o 16 de outubro de 2018 ata o 15 de outubro de 2019, concedéndose a cantidade de 1.500,00 euros e con cargo a partida 231-480,02.

Cláusula III- A subvención figura nominativamente nos orzamentos polo que se considera adxudicada dende o mesmo momento da aprobación dos orzamentos e cumprido o trámite de asinar o presente convenio. O órgano competente para a tramitación do gasto é o Alcalde-Presidente ou órgano en quen delegue.

Cláusula IV- O Beneficiario comprométese a destina-la devandita subvención para realiza-la actividade fixada, cumplindo o obxectivo contemplado na cláusula I.

Cláusula V- INICIO PROCEDEMENTO: Para o inicio do procedemento de concesión da subvención e preceptivo que o Beneficiario presente no Registro electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) unha copia asinada electronicamente do presente convenio xunto co orzamento de gastos e ingresos para o ano 2019 (modelo anexo I). Presentarase no prazo máximo dun mes a contar dende a recepción do modelo do convenio que será remitido polo departamento do concello que corresponda.

Cláusula VI- PAGO: O pagamento íntegro da subvención será efectiva unha vez realizada a actividade subvencionada, previa presentación da documentación xustificativa da mesma na sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal), segundo a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (VER DOCUMENTACIÓN



A PRESENTAR NA CLÁUSULA VIII E NORMAS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN NA CLÁUSULA IX)

Cláusula VII- PRAZO XUSTIFICACIÓN: A xustificación deberá presentarse o antes posible no Concello sempre e cando conten con documentación suficiente para xustificar a cantidade concedida (gasto elixible do 16 de outubro de 2018 ao 15 de outubro de 2019. Non obstante a data límite para a presentación da documentación xustificativa é o 30 de outubro de 2019.

Cláusula VIII- DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN: A entidade, a través de instancia dirixida ao Departamento correspondente do Concello (modelos anexos), deberá presentar no Rexistro Electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) a seguinte documentación xustificativa:

1. Anexo I-Orzamento de ingresos e gastos previstos da actividade. Este documento deberá presentarse xunto co convenio asinado tal e como establece a cláusula V.

2. Memoria técnica do desenvolvemento das actividades da entidade a data da presentación da xustificación, asinada polo representante legal da entidade, cos seguintes puntos básicos:

- Introdución/ Xustificación
- Obxectivos
- Programación: actividades/servizos desenvoltos
- Pessoas destinatarias/beneficiarias
- Temporalización
- Recursos utilizados (humanos e materiais)
- Avaliación e conclusóns

3. Anexo II- Conta Xustificativa (ou tamén chamada memoria económica xustificativa) do custo, asinada polo representante legal da entidade, que conterá:

- Importe dos gastos realizados e recollidos no Anexo III que deberá ser suficiente para xustificar a subvención nominativa do Concello.
- Relación detalladas dos ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo todas as subvencións públicas concedidas) con indicación do seu importe e procedencia.

A handwritten signature in black ink, appearing to be a name, is written over a large, thin-lined oval shape.



- Declaracións segundo os puntos b) ata f) da conta xustificativa.

4. Anexo III- relación de facturas/gastos para xustificar a subvención concedida polo Concello (deberase cubrir todas as columnas do anexo).

5. Facturas orixinais cos requisitos establecidos no R.D. 1619/2012, xustificativas do gasto subvencionado dende o 16 de outubro de 2018 ata o 15 de outubro de 2019 (ou segundo o período de devengo establecido).

a) Como mínimo conterán:

- nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
- Denominación social, nif e domicilio de quen expide a factura e do destinatario
- Descripción detallada (concepto, servizo..) e data de realización da operación.
- Importe, desglose do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Este deglóse recollerase nos anexos III e IV.
- Recargos, descontos e retencóns aplicables.

b) Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:

- Deberase utilizar con carácter xeral e preferentemente os medios de pago electrónicos (transferencia bancaria, tarxetas, talóns nominativos...etc)
- Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario coa dilixencia da entidade bancaria que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
- As operacións cun importe superior aos 2.500 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto no artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente. Esta previsto a modificación deste límite, pasando de 2.500 € a 1.000 €, polo que a Entidade deberá ter presente esta modificación aos efectos do cumprimento da lexislación vixente en materia de pagos en efectivo.
- No caso do que o pago non poida facerse por medios electrónicos, deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 1. "pagado" ou "recibín",
 2. data do pago

A handwritten signature in black ink, appearing to be a name, located at the bottom left of the page.



3. firma e identificación da mesma (dni ou nome completo de que asina)
 4. Selo da empresa.
6. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique e se explique a porcentaxe aplicable á actividade.
7. Anexo IV- Relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas, seguindo as seguintes instrucións:
- A xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.
 - De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, aportarase igualmente o citado Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións (cumprindo o establecidos nos puntos 4, 5 e 6) ou indicación de que a actividade non está realizada.
8. Anexo V- Balance de Ingresos e gastos reais ou realizados. No caso de poderse presentar o balance antes da conclusión da actividade deberá presentarse Avance do Balance de ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación .
9. Anexo VI-Declaración responsable ou Certificados de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social). Os certificados deberán ter unha validez suficiente para a tramitación do expediente.

Segundo o artigo 11. h) e i) do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro (Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia), unha Declaración Responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social substituirá aos certificados sinalados anteriormente nas subvencións para gastos correntes (capítulo IV) e naquelhas subvencións para gastos de capital (capítulo VII) nas que a cantidade a outorgar a

A handwritten signature in black ink, appearing to be a name, located in the bottom left corner of the page.



cada beneficiario non supera os 3.000 €, sempre que os destinatarios das subvencións sexan familias ou institucións sen fins de lucro. Neste caso presentarase o anexo VI.

10. Certificación bancaria do número de conta.
11. Fotocopia DNI do/da representante da Entidade.
12. Fotocopia do NIF da entidade.
13. Certificación expedida polo secretario/a da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade ou documento de nomeamento da mesma.
14. Unha vez finalizado o exercicio 2019, a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposición dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.

Cláusula IX- Forma de Presentación da documentación no rexistro electrónico do Concello

Tendo en conta que o rexistro electrónico do Concello non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumplir as seguintes normas de presentación:

- un pdf que conteña un índice de toda a documentación presentada
- Un pdf por cada anexo.
- Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que corresponda.
- Un pdf coa documentación que se exige nos puntos 10 a 13 da cláusula VIII do presente convenio e no mesmo orden en que plden.
- Un pdf coa listaxe de facturas (Anexo III) acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).

A handwritten signature in black ink, appearing to be a name like "Fernández" followed by a surname, is written over a large, roughly circular mark or stamp.



-Un pdf coa listaxe de facturas (Anexo IV) e nos casos que proceda deberá vir acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).

-Calquera outro documento que se queira agregar deberá vir de xeito independente. (PE: informe xustificativo de imputación de gastos de nóminas...etc.)

Toda a documentación deberá vir asinada electronicamente polo representante legal da entidad.

Os distintos arquivos deberan ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumplimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para subsanar.

Cláusula X- O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia da colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables do Área de Comunicación.

Cláusula XI- A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia.

Cláusula XII- O beneficiario poderá ser requerido polos distintos departamentos do Concello para a presentación de calquera outra documentación que sexa necesaria.

Cláusula XIII- CAUSAS DE REINTEGRO-Procederá o reintegro da subvención sempre que se dean calquera das circunstancias que se establecen nos artigos 32 e seguintes da Lei

A handwritten signature in black ink, appearing to be a name, located at the bottom left of the page.



9/2007 de Subvencións de Galicia ou nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Cláusula ADICIONAL INFORMATIVA: (optativa segundo o tipo de subvención)- :

1. Consideranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade e se realicen dentro do exercicio 2018 e segundo o disposto no art. 29 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
2. Deberá xustificarse o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención, unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervenientes afírmanse e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data no encabezamento expresada:

A handwritten signature is placed over a circular official stamp. The stamp contains the text "FUNDACION UNIVERSITARIA" around the perimeter and "ESTADO" in the center.

ANEXO I- ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS PREVISTO PARA 2019

INGRESOS		GASTOS	
De organismos públicos (detallar organismos e conceptos)		Persoal:	
-Do Estado -Da Comunidade Autónoma *Cons. De Xustiza Subv. *Cons. *Outras Consellerías (especificar).....	17.000,00	-Retribucións básicas e complementarias -Cotas Seguridade Social (incluído autónomos)	23.900,00 9.560,00
.....		Material:	
-Do Concello De Vilagarcía de Arousa	1.500,00	-Material de oficina non inventariable -Prensa, revistas e publicacións periódicas... -Material funxible e específico -Fotocopias e reprografía -Outros	260,00 180,00 400,00
De institucións privadas (detallar institucións e conceptos)		Xerais:	
Porto Vilagarcía (patrocinio)	2.250,00	-Informática -Auga -Combustible para calefacción -Combustible para outros usos -Electricidade -Lencería e vestiario -Produtos alimenticios -Outras subministracións -Teléfonos -Comunicacións postais -Tributos locais, autonómicos e estatais -Limpeza (no caso de tela contratada con outra empresa) -Outros gastos: especificar	250,00 300,00 480,00 420,00 460,00
Outros: -Por cuotas de socios.	2.500,00	*Asociacións *Asesoría *Canon *Seguros	1.500,00
Conc. Vilagarcía de Arousa		Comunidad prop. sede social	780,00
Conc. Cambados	2.000,00	Cuotas Préstamo	5.619,36
Conc. Riveira	2.500,00	Publicidad (Mat. Gráfico, promoción)	1.400,00
-Por ingresos derivados de actividades de recadación	6.000,00	Gastos viaje	3.200,00
-Por cobro de servicios		Gastos Varios	400,00
Consellería de Sanidade		Donativos carrera antídrga	500,00
-Aportacións privadas/doazóns de particulares.		(Engadir os que sexan necesarios segundo a casuística de cada asociación)	
Patrocinios privados			
Obra Social La Caixa	9.000,00		
Donativos carrera antídrga	500,00		
Otros patrocinios eventos (Engadir os que sexan necesarios segundo a casuística de cada asociación)	3.500,00		
INGRESOS TOTAIS	46.750,00.-	GASTOS TOTAIS	50.594,36..
SUPERÁVIT		DÉFICIT	-3.844,36..

30/08/2019

Asdo. Representante legal
Selo da entidade

